

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 7

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión EXTRAORDINARIA que terá lugar o día 2 de MARZO de 2004, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

- 1.- Suspensión de licencias de parcelación de terreos, edificación e demolición para áreas determinadas na revisión do PXOM.
- 2.- Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Zona Franca para a constitución dunha sociedade mercantil. Expte. 1169/110.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, xustifícase a convocatoria extraordinaria do Pleno na urxencia de acadar, no prazo máis breve posible, a suspensión de licencias urbanísticas en determinados ámbitos da cidade para facilitar os traballos de revisión do PXOU-93, así como na necesidade de formalizar convenio interadministrativo de colaboración, a fin de que en curto prazo se proceda á redacción e execución dos proxectos de obras ordinarias que remodelen e revitalicen aquelas áreas que se consideren prioritarias. O Pleno Extraordinario da Corporación terá lugar no salón de Plenos ás NOVE horas do día DOUS DE MARZO, para resolve-los asuntos mencionados.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

Vigo, 27 de FEBREIRO de 2004

A ALCALDESA,

O SECRETARIO DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.